

Informe da Directora

Xunta de Escola, 25 de abril de 2025

1 Actividades de representación

A directora informa da asistencia ás seguintes actividades de representación:

- 11 de marzo. Asistencia da directora ao acto de inauguración de FTE 2025.
- 12 de marzo. Asistencia de María Araújo, en representación do centro, ao acto de clausura de FTE 2025.
- 3 de abril. Asistencia da directora á Asemblea anual da Cámara Oficial da Minaría de Galicia.

2 Reunións de traballo

- 24 de abril. Asistencia de María Araújo e a directora á reunión convocada pola dirección da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación para valorar a posibilidade de participar nun proxecto piloto sobre o emprego da Intelixencia Artificial na docencia. Enviárase un correo a todo o profesorado do centro solicitando información sobre o interese en participar no proxecto piloto.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Igualdade

3.1 Celebración 8 M na Escola

Con motivo da celebración do Día Internacional das Mulleres, o 19 de marzo realizouse na Escola unha celebración que incluíu a entrega dos premios do concurso Mulle_RME, a proxección da película “*La Singla*” e a organización da chocolatada solidaria (Delegación de Alumnado).

3.2 Solicitude axudas actividades sensibilización

Solicitouse unha axuda para realizar actividades de difusión e sensibilización en materia de igualdade para a organización da “*III Xornada: A muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais. Unha mirada desde a experiencia persoal*”.

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades en materia de Igualdade e a Generosa Fernández a coordinación das mesmas.

4 Divulgación Científica e Captación de Alumnado

4.1 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
28/02/2025	CIFP Rodolfo Ucha (Ferrol)	1º Ciclo Medio e 1º CFFP	70	Elena Alonso	Charla sobre os Graos
13/03/2025	IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	2º Bach	65	Raquel Pérez	Charla sobre os Graos
19/03/2025	IES de Allariz (Allariz)	2º Bach	12	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
20/03/2025	IES Coruxo (Vigo)	2º Bach	16	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
21/03/2025	IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)	1º e 2º Bach	33	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
21/03/2025	IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)	1º e 2º Bach	28	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
25/03/2025	Programa LCA (Lingua, Cultura e Adaptación á universidade española, UVigo)		130	Raquel Pérez	Oferta Formativa do Centro
26/03/2025	IES de Poio (Poio)	1º e 2º Bach	25	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
27/03/2025	IES Antón Alonso Ríos (Pontevedra)	2º Bach	12	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
28/03/2025	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)	2º Bach	15	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
02/04/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	4º ESO	30	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
02/04/2025	IES García Barros (A Estrada)	4º ESO	37	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
03/04/2025	CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis)	4º ESO	27	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
04/04/2025	IES As Barxas (Moaña)	2º Bach	10	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
04/04/2025	CPR Plurilingüe María Auxiliadora (Ourense)	1º e 2º Bach	38	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
04/04/2025	IES Bremao (Pontedeume)	1º Bach	100	Javier Deive	Charla sobre os Graos
08/04/2025	IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo)	4º ESO	60	Iago Pozo	Conservación da Arte Urbana
11/04/2025	IES Lama das Quendas (Chantada)	4º ESO e 1º Bach	50	Benito Vázquez	Luz e Cor
23/04/2025	IES de Sar (Santiago de Compostela)	4º ESO, 1º e 2º Bach	62	Benito Vázquez	Interferencia con Luz Branca

24/04/2025	Colexio Maristas El Pilar (Vigo)	4º ESO	50	Benito Vázquez	Luz e Cor
25/04/2025	IES San Rosendo (Mondoñedo)	4º ESO e 1º Bach	38	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial

4.2 Participación en Feiras

Data	Nome	Lugar de Celebración	Número asistentes	Público/Centros	Actividade	PDI participante
06/03/2025	Feira de Minerais (Santiago de Compostela)	Área Central (Santiago)	202	IES Porto do Son IES Xallas IES Milladoiro CPI Bemvibre	Obradoiro de Recoñecemento de Minerais (nivel ESO e nivel Bacharelato)	Raquel Pérez Diego Costas e Miguel Martínez
07/03/2025			143	IES Antonio Fraguas IES Camilo José Cela IES Fontiñas	Obradoiro de Recoñecemento de Minerais (nivel ESO e nivel Bacharelato)	María Pazo Laura Andrés Diego Costas Miguel Martínez
13/03/2025	Feira de Orientación	IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	30	Estudantado do centro (ESO – Bach)	Stand da Escola e información sobre a oferta formativa	Raquel Pérez

4.3 Aula Aberta TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
07/03/2025	CPR Quiñones de León (Pontevedra)	3º e 4º ESO	30	Raquel Pérez Salomé Álvarez	Combustión Enx. Química
11/03/2025	IES María Soliño (Cangas)	1º e 2º Bach	24	Raquel Pérez	Combustión Intelixencia Artificial
04/04/2025	IES O Couto (Ourense)	1º Bach	40	Salomé Álvarez Fran García	Enx. Química Xeotecnoloxías

4.4 Obradoiro de recoñecemento de minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
23/04/2025	EPAPU Nelson Mandela (A Lama)	ESO		Teresa Rivas e María Pazo	No centro
25/04/2024	IES San Rosendo (Mondoñedo)	4º ESO e 1º Bach	38	María Pazo	No centro

4.5 Outras actividades

Data	Centro	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar / Responsable
18/03/2025	ASPANSIM (Asociación de Padres de Minusválidos Psíquicos de Morrazo - Cangas)	27	Moisés Cordeiro e Raquel Pérez	Materiais Intelixentes, Termografía e a Maxia da Combustión	No centro

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

4.6 Olimpíada da Enerxía

O 9 de abril celebrouse a xornada da I Olimpíada da Enerxía (proxecto de divulgación científica financiado pola FECYT). Participaron un total de 150 alumnos/as de Ciclos Superiores de FP e Bacharelato de 16 centros educativos de Galicia. Toda a información do evento está dispoñible na web do proxecto. As probas da Olimpíada foron as seguintes:

1. Proba teórica (presencial)
16 centros, 84 participantes
Coordinación: Francisco Deive e Marta Cabeza
Colaboradora: Salomé Álvarez
2. Mulleres enerxéticas
16 centros, 62 participantes
Coordinación: Ana Rodríguez e Asunción Longo
3. *Fake News*
12 centros, 45 participantes
Coordinación: Elena Alonso
4. Divulgación científica (presencial)
9 centros, 32 participantes
Coordinación: Raquel Pérez
Colaboradores: Iago Pozo, Teresa Rivas, Miguel Á. Gómez, Fran García, Mario Soilán, Joaquín Martínez, Christian Gil, Jesús Vence, Salomé Álvarez, Fran Deive e Marta Cabeza
5. Debate (presencial)
6 centros, 23 participantes
Coordinación: Iago Pozo
Colaboradores: Pablo Eguía, Salomé Álvarez, Ana Rodríguez, Asunción Longo, Raquel Pérez, Fran Deive e David Patiño
6. Práctica kit Arduino (presencial)
12 centros, 50 participantes
Coordinación: David Patiño

Colaboradores: Moisés Cordeiro, Javier Pereiro e Pablo Eguía

Agradécese o traballo realizado polo equipo do proxecto: Iago Pozo, María Araújo, Elena Alonso (IP), Francisco Deive, Salomé Álvarez, Asunción Longo, Ana Rodríguez, Benito Vázquez, David Patiño, Moisés Cordeiro, Raquel Pérez, Marta Cabeza, Miguel Rodríguez, Karina Pérez e Carmen Romo, e polo profesorado que impartiu as conferencias das actividades paralelas:

Número asistentes	PDI participante	Actividade
84	Benito Vázquez	Taller: Física Re-Creativa
85	María Araújo	Conferencia “Alén da Terra: recursos espaciais e a revolución enerxética”
52	Javier López	Conferencia “Intelixencia Artificial e Eficiencia Enerxética”

Tamén se agradece a participación do estudantado da escola que participou como guías na xornada do 9 de abril: Marta Caride, Juan José García, Cinthia Carou, Amanda Franco, Diego Costas, Miguel Martínez, Héctor Santorum, Alejandro Otero e o traballo do persoal de conserxería: Manuel Álvarez, Jesús García, Antonio García, Arturo Martínez e Javier González.

A actividade contou co apoio económico, alén do proporcionado pola FECYT, do Consello Social Uvigo, o COIMNE e Naturgy S. L. Ademais, o evento tivo repercusión en prensa e RRSS.

5 Sistema Garantía Calidade

5.1 Programa DOCENTIA

Infórmase do período habilitado para la introdución de méritos do curso 2023/2024, que remata o 25 de abril.

Infórmase do prazo de alegacións aos informes de actividade docente, que remata o 7 de maio.

5.2 Comisión de Calidade da Escola

Infórmase dos rexistros aprobados na Comisión de Calidade da Escola:

- R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PTXAS do centro
- R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PTXAS do centro
- R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas
- R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos
- R1 MC-02 Informe anual das QSP recibidas (curso 2023/2024).

5.3 Enquisas de Satisfacción

O 30 de xuño remata o prazo para realizar as enquisas de satisfacción coas titulacións dos diferentes grupos de interese e prégase participación, dado que a data actual esta é aínda baixa.

5.4 Enquisas de Avaliación Docente

Habilitouse o 24 de marzo o período de realización das EAD do 2º cuatrimestre do curso 2024/2025 e o prazo de realización é do 24 de marzo ao 30 de xuño. Proponse unha acción para aumentar a participación: reunión das persoas coordinadoras de curso ou de titulación co

alumnado dedicando parte do tempo a amosar ao estudantado como se accede ás enquisas das materias que as teñan visibles e incluso a que as cubran.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e ás persoas que participaron nas diferentes actividades do SGIC.

6 Recursos materiais e infraestruturas

- 18 de decembro. Instalación dunha nova pantalla no *hall* da Escola.
- 12 de xaneiro. Solicitud de Infraestruturas na Convocatoria anual da Vicerreitoría de Planificación e Infraestruturas para mellorar acceso á Escola na planta 0 e actuacións sobre diversas entradas de auga no centro.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado como responsable de AAEE e infraestruturas da Escola.

7 PAT-ANEAE

O 26 de marzo impartíuse a conferencia: “*La IA. Por qué y Para qué? Y en Ingeniería?*”, impartida por Javier Martínez Torres.

O 4 de abril tivo lugar a reunión da coordinadora do PAT do centro, Ana Rodríguez, coa directora da Unidade de Diversidade da UVigo.

8 Comunidade e outras actividades

O profesor da escola Iago Pozo Antonio gañou unha praza de Profesor Titular de Universidade na Área de Explotación de Minas, polo que se traslada ao profesor o parabén da comunidade da Escola.

Celebrouse un *workshop* de Mecánica de Rochas.

Como parte das actividades da materia *Eficiencia enerxética* realizouse o obradoiro CES SOLAR.

Realizouse unha visita á fábrica bioetanol (Ana Rodríguez e Francisco Deive) como parte das actividades dunha materia.

9 Prensa

- Atlántico Diario. 10 abril. *Divulgadores por un día.*
- Metropolitano. 10 de abril. *Vigo, sede da primeira Olimpíada de Enerxía que se celebra en España.*
- Telemariñas. 10 de abril. *150 estudantes de toda Galicia en la I Olimpíada da Enerxía que se celebra en España.*
- Valmiñor TV. 10 de abril. *150 chicos y chicas de Galicia participan en Vigo en la primera Olimpiada de la Energía.*
- DUVI. [150 mozas e mozos de toda Galicia participan en Vigo na I Olimpíada da Enerxía que se celebra en España.](#)

- DUVI. [*Unha nova investigación desvela datos sobre o ecosistema no que vivían os dinosauros en Teruel hai 125 millóns de anos.*](#)
- DUVI: [*Enxeñaría de Minas e Enerxía premia ‘o soño dunha enxeñeira de petróleos’.*](#)
- DUVI. [*Enxeñaría de Minas e Enerxía pon en marcha unha iniciativa de cooperación educativa cunha escola do Sáhara occidental.*](#)
- DUVI. [*O Foro Tecnolóxico de Emprego celebrará o seu 25 aniversario cunha “edición récord”.*](#)

10 Próximas actividades

- O *Geolodía* celebrarase o 11 de maio, co obxectivo de coñecer o sistema de *praia-barrera-lagoon* da Foz da Ramallosa e realizaranse 5 saídas cada media hora cunha duración de 2,5 horas cada percorrido. A inscrición é obrigatoria e o prazo remata o 8 de maio.
- Infórmase da realización da viaxe de estudos (graos e máster) do 9 ao 14 de xuño.